CONCELLO DE RODEIRO

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 6 DE OUTUBRO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:
Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:
Don Alberte Lamazares Casero
Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:
Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a seis de outubro de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as once horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 30 de setembro de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Comunidade de Propietarios Carretera General 59

ANTECEDENTES

1. Don Daniel Arias Lence, con DNI núm. [redacted], na representación que ostenta no presente expediente da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CARRETERA GENERAL

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

59, con CIF núm. [redacted] e con domicilio social no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, solicita con data 17 de marzo de 2026 (RE-E núm. 180) licenza municipal para INSTALACIÓN DE ASCENSOR, con emprazamento no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro.

2. Achéganse proxecto técnico básico e de execución (visado colexial núm. [redacted], do 26/06/26), e anexo de data 16/09/26, redactados pola arquitecta Dona Jennifer Núñez Fernández.
3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución fíxase en sesenta (60) días.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como *"Solo urbano – Ordenanza núm. 1 – Bloque pechado"* polo PXOM en vigor.
4. Solicítase licenza para a instalación dun ascensor no interior dun edificio plurifamiliar existente, para mellorar as condicións de accesibilidade do inmoble. A actuación proxectada desenvólvese no oco existente na escaleira da edificación mediante a execución dunha estrutura metálica autoportante para albergar o elevador, sen modificación substancial da configuración arquitectónica nin funcional do edificio. Non se prevén cambios

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

de uso, incremento de edificabilidade nin alteración significativa da envolvente exterior.

5. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo urbano dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles integramente o disposto no planeamento respectivo. A edificación na que se proxectan as obras non cumpre as determinacións establecidas pola ordenanza de aplicación para o fondo máximo edificable, as condicións das cubertas e os voos, tratándose, polo tanto, dunha edificación preexistente á data de aprobación definitiva do PXOM que non resulta totalmente compatible coas súas determinacións. Porén, o artigo 89 das normas urbanísticas do PXOM establece que nas construcións e edificacións parcialmente incompatibles co planeamento, como é este caso, poderán autorizarse, entre outras, obras de mellora en xeral e de reforma. Faise constar que non se alteran as condicións de edificación: superficie de parcela, ocupación, aliñacións e rasantes, edificabilidade, altura e volume.
6. O inmoble sitúase na Avenida Lalín-Monforte núm. 59 do lugar de Rodeiro e dispón das seguintes referencias catastrais:

36047A085060250001AD
36047A085060250002SF
36047A085060250003DG
36047A085060250004FH
36047A085060250005GJ
36047A085060250006HK
36047A085060250007JL
36047A085060250008KB

7. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de SETENTA E SETE MIL SEISCENTOS SESENTA EUROS (77.660,00 €).

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

8. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
9. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
10. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
11. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CARRETERA GENERAL 59 licenza municipal para INSTALACIÓN DE ASCENSOR, con emprazamento no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico e de execución (visado colexial núm. [redacted], do 26/06/26), e anexo de data 16/09/26, redactados pola arquitecta Dona Jennifer Núñez Fernández, coas condicións especiais seguintes:

a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.

c) Previamente ao inicio das obras deberá aportarse ao Concello o nomeamento de director/a de execución de obra a cargo de arquitecto/a técnico/a con atribucións legalmente establecidas para o tipo de obra obxecto da licenza.

SEGUNDO.- Autorizar a excepción no cumprimento das condicións dimensionais establecidas no apartado B.2 do Anexo I das Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia (NHV-2010), debido á configuración espacial e estrutural preexistente do edificio e á inexistencia, segundo a memoria presentada, doutra localización interior tecnicamente viable para a instalación do ascensor.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E TRES EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (1.553,20 €).

CUARTO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de TRESCENTOS OITENTA E OITO EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (388,30 €).

3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN A FEIRA, A PENELA E A EIREXE"

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 22 de setembro de 2026, adoptou o acordo de inicio do expediente de contratación da obra denominada *"MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN A FEIRA, A PENELA E A EIREXE"*. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Acta de trazado previo, asinada con data 1 de outubro de 2026.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados/as e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra de *"MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN A FEIRA, A PENELA E A EIREXE"*.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 109.983,18 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación da obra, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

4.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DENOMINADO "ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO TIPO PICK-UP DE SEGUNDA MAN"

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 20 de agosto do corrente, adoptou o acordo de inicio do expediente de contratación do subministro denominado *"ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO TIPO PICK-UP DE SEGUNDA MAN"*. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.
- Memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Xa que logo, debidamente informados e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do subministro denominado *"ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO TIPO PICK-UP DE SEGUNDA MAN"*.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 23.000,00 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación do subministro, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

5.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE "MELLORA DE SERVIZOS BÁSICOS NOS NÚCLEOS RURAIS DE SOEIREXA E SANTA BAIA"

O Sr. alcalde informa que por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 13 de febreiro de 2026, foi aprobado o proxecto técnico da obra de *"MELLORA DE SERVIZOS BÁSICOS NOS NÚCLEOS RURAIS DE SOEIREXA E SANTA BAIA"*, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Ana María García Mayo, con data febreiro de 2026, cun orzamento de execución por contrata de NOVENTA E TRES MIL NOVECENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (93.989,28 €), IVE incluído.

O Concello é beneficiario a esta data da seguinte subvención para dito investimento:

- ✓ Subvención por importe de CEN MIL EUROS (100.000,00 €) concedida por resolución da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de data 23/04/26, ao abeiro da Resolución do 19 de decembro de 2025 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de creación, mellora e ampliación

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

de servizos básicos en zonas rurais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agrícola común 2023-2027 en Galicia, e se anuncia a convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 7, do 13/01/26) – Expediente núm. [redacted].

Xa que logo, dispoñendo xa dos permisos e autorizacións sectoriais preceptivas para a realización da obra, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación do presente contrato vén fundamentada na obriga que ten o Concello da prestación dos servizos de *"pavimentación das vías públicas"*, segundo o establecido no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), así como no exercicio da competencia en *"medio ambiente urbano"* (artigo 25.2 b) LRBRL) e na necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida para tal fin.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación da obra de *"MELLORA DE SERVIZOS BÁSICOS NOS NÚCLEOS RURAIS DE SOEIREXA E SANTA BAIA"*, de conformidade co proxecto técnico aprobado, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159 da LCSP, con varios criterios de adxudicación de avaliación automática.

6.- RECOÑECEMENTO DE TRIENIO A TRABALLADORA LABORAL FIXA DO CONCELLO

VISTA a petición formulada pola traballadora laboral fixa, coa categoría de traballadora social deste Concello, Dona María Lara Hermida Fernández (RE núm. 1544, do 02/10/26), solicitando o recoñecemento do décimo trienio.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballadora laboral neste Concello, así como os servizos previos recoñecidos polo Concello e o tempo transcorrido dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que a Xunta de Goberno Local, por acordos adoptados nas sesións celebradas os días 9 de novembro de 2011, 30 de setembro de 2014, 4 de outubro de 2017, 16 de abril de 2021 e 9 de febreiro de 2024, recoñecéronlle o dereito ao percibo de nove trienios.

VISTA a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o Estatuto Básico do Empregado Público, o RDLex. 781/1986, do 18 de abril, a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública e a Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento dos servizos previos na Administración Pública, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER á traballadora laboral fixa Dona María Lara Hermida Fernández o seu dereito a percibir o décimo trienio con efectos económicos do día 1 de novembro de 2026.

7.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Marinete do Amaral José, traballadora laboral temporal do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, causou baixa laboral por incapacidade temporal (IT), derivada de enfermidade común. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2025, prorrogado a esta data para o ano 2026, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ XIMENA MANTILLA JAIMES, con NIE núm. [redacted] a tempo parcial (6,15 horas/semana), en substitución de Marinete do Amaral José.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

8.- EXTINCIÓN DE CONTRATO LABORAL FIXO POR DIMISIÓN DA TRABALLADORA

ANTECEDENTES

1º.- Dona Isabel Varela Vázquez, con DNI núm. [redacted], veciña de Vila de Cruces, presenta escrito con data 1 de outubro do corrente (RE-E núm.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

639) polo que renuncia de xeito voluntario ao seu posto de traballo no Concello con data de efectos do día 16 de outubro de 2026.

2º.- A solicitante ostenta a condición de traballadora do Concello, no posto de traballo de auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF). Foi nomeada como laboral fixa por acordo deste órgano adoptado na sesión de data 23 de decembro de 2024, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 252, correspondente ao día 30 de decembro de 2024.

3º.- A traballadora ten acreditado a esta data servizos no Concello por un período próximo aos 19 anos.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 49.1 d) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET) establece como causa de extinción do contrato a *"dimisión do traballador, debendo mediar o preaviso que sinalen os convenios colectivos ou a costume do lugar"*.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Declarar, por dimisión da traballadora, a extinción do contrato de traballo da traballadora laboral fixa do Concello Dona Isabel Varela Vázquez, con data de efectos do día 16 de outubro de 2026.

Segundo.- Facer constar expresamente o agradecemento do Concello polos servizos prestados pola traballadora ao longo dos anos nos que desenvolveu as funcións inherentes ao seu posto de traballo.

Terceiro.- Ordenar a baixa definitiva en nóminas e Seguridade Social de dita traballadora, con efectos da data da extinción do seu contrato

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á interesada para o seu coñecemento e aos efectos pertinentes.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

9.- XXXII EDICIÓN DA XUNTANZA DA TERCEIRA IDADE

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da conveniencia de proceder á celebración dunha nova edición da tradicional Xuntanza da Terceira Idade, e propón para a súa celebración o vindeiro venres día 9 de outubro do corrente.

Mantense o copagamento do xantar, distinguindo entre os destinatarios principais da xuntanza (maiores de 65 anos e beneficiarios de pensións públicas) e os demais interesados en participar, sendo os custes restantes do xantar nos supostos subvencionados, así como o da totalidade das actividades complementarias ao mesmo, aboados integramente polo Concello.

O Sr. alcalde manifesta que o custe estimado da xuntanza suporá un gasto aproximado de 16.000 €. O Sr. secretario-interventor pon de manifesto que os datos da contabilidade municipal amosan unha evidente limitación na consignación da partida orzamentaria de aplicación do orzamento prorrogado en vigor (231/226), cunha alta porcentaxe de gasto xa comprometido, o que podería derivar nunha eventual nulidade do gasto que se dispoña e a interposición, de ser o caso, de reparos suspensivos ás facturas que se presenten polo citado concepto.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Sr. alcalde e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Organizar a XXXII Edición da Xuntanza da Terceira Idade o vindeiro día 9 de outubro de 2026.

Segundo.- Establecer, para o financiamento compartido do custe do xantar, as seguintes cotas:

- Maiores de 65 anos empadroados no Concello: 10,00 €.
- Menores de 65 anos empadroados no Concello que perciban algunha prestación con cargo ao sistema público de pensións (xubilación, invalidez, orfandade, RISGA ou equivalente): 10,00 €.
- Interesados en xeral: 30,00 €.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que dispoña o necesario para a organización e desenvolvemento da Xuntanza programada.

10.- APROBACIÓN DAS BASES DO IV CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MULLER RURAL: DE ONTE E DE HOXE

Dáse conta aos/ás Sres./as concelleiros/as presentes que as Concellerías-Delegadas de Cultura e de Igualdade van organizar por cuarto ano consecutivo, co gallo da celebración o vindeiro día 15 de outubro do *"Día da Muller Rural"*, un concurso de fotografía que ten como obxectivo por en valor e recordar a importancia do papel da muller no pasado e no presente do mundo rural.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases do concurso, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

Segundo.- Aprobar un gasto por importe de DOUSCENTOS VINTE E CINCO EUROS (225,00 €), co cargo á partida orzamentaria 330/226 do orzamento en vigor, para o abono dos premios establecidos nas bases para os gañadores do concurso.

ANEXO

BASES DO IV CONCURSO FOTOGRAFÍA MULLER RURAL: DE ONTE E DE HOXE

Primeira.- Sobre a participación

O día 15 de outubro celébrase o día da muller rural polo que dende a Concellería de Cultura e a Concellería de Igualdade lánzase esta iniciativa aberta a todo o público, a todas as mulleres rurais de Galiza.

Segunda. -Sobre as características dos traballos a presentar

Recreación dunha fotografía antiga. Escolles unha foto antiga, anterior ao ano 2003, onde saias ti mesma ou unha familiar e sácaste outra representándoa no mesmo lugar e a mesma escea.

Poderán participar mulleres de calquera idade, de forma individual ou en grupo. Non se admitirán fotomontaxes.

Obxectivo do concurso:

Por en valor e recordar a importancia do papel da muller no pasado e no presente do mundo rural, resaltando en imaxes o inmenso traballo que realizaron ao longo dos anos.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Valórase:

A orixinalidade da recreación.

A vinculación co medio rural Cambote, tanto da idea, como das persoas que aparecen nas fotografías.

Cada participante poderá presentar unha soa recreación, que deberá ter un título.

Entregarase a orixinal e a recreación.

A participación no concurso leva implícito a aceptación das condicións do mesmo e a exposición ao público das fotografías presentadas.

Terceira.- Sobre a presentación

Poderase entregar fotografías ata as 23:59 horas do día 15de outubro no correo electrónico biblioteca@rodeiro.gal ou no Centro Cultural Municipal "Manuel Lamazares". Poderase votar entre os días 20 e 30 de outubro, ambos inclusive.

A eleccións das mellores farase mediante votación a través dun formulario na páxina web oficial do concello.

O día 8 de novembro, ás 12:00 horas daranse a coñecer as fotografías premiadas nun acto público no Centro Cultural Municipal "Manuel Lamazares",e as mellor valoradas imprimiranse para a súa exposición no Centro Cultural ou nalgún outro espazo público.

Cuarta.- Votación.

A votación levarase a cabo de maneira telemática empregando un enlace que se publicará na paxina web.

Quinta.- Sobre a valoración dos traballos e a concesión dos premios.

Premios para a máis votada: 100€.

Premio para a segunda máis votada 75€.

Premio para a terceira máis votada 50€.

Ás premiadas entregaráselles un vale polo valor do premio para gastar no comercio local, que terá unha caducidade de 90 días (ata o 8 de febreiro de 2027).

Sexta.- Disposición adicional

A participación no concurso supón a conformidade e aceptación das presentes bases. Calquera situación non prevista nas presentes bases e a súa interpretación no caso de dúbida será resolta polas Concellerías de Igualdade e Cultura.

11.- RECTIFICACIÓN DE ERRO ARITMÉTICO EN ACORDO ADOPTADO

Por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade do previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, acordan rectificar o erro aritmético existente no acordo deste órgano adoptado na sesión de data 25 de setembro do corrente, correspondente ao punto cuarto da Orde do Día denominado *"APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 E FINAL,*

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

LIQUIDACIÓN E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE "MELLORA DO CAMIÑO DENDE O POLÍGONO INDUSTRIAL A ÁLCEME", INCLUÍDA NO PLAN MÁIS PROVINCIA, ANUALIDADES DE 2024 E 2026", no sentido de substituír a cifra numérica errónea de *"48.318,98 €"* pola correcta de 40.318,98 €.

12.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 633,56 €

  Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/factura núm. 26A/1536 (FACe).

- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 22,49 €

  Por subministro de repostos informáticos, s/factura núm. 26155.

- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 141,81 €

  Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-J6DD-046510 e 28-J6U1-078099 e 28-J6M0-006672 (FACe).

- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 121,06 €

  Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de setembro de 2026, s/facturas núm. 4004811832 e 4004818103 (FACe).

- MAPFRE ESPAÑA S.A. 817,76 €

  Por seguros anuais de vehículos municipais, s/facturas núm. 75202619900020007099 e 75202619900020007341 (FACe).

- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 677,81 €

  Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 1608 (FACe).

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- MARÍA ELENA JORGE MATO 59,80 €

  Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.

- ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA IMAXINARIUM 3.080,00 €

  Por desenvolvemento do programa *"Concilia en período lectivo 2026"* no mes de setembro de 2026, s/factura núm. 0926/0000004 (FACe).

- ASOCIACIÓN EDUCATIVA NA NATUREZA EMOCIONARTE, SENTIR E CREAR 300,00 €

  Por servizos prestados dentro da iniciativa *"Raíces e Horizontes"* s/factura núm. 12 (FACe).

- MINICRUCEROS PROBA S.L. 1.095,60 €

  Por viaxe pola ría de Arousa dos participantes na actividade *"Tour Cambote"*, s/factura núm. 166.

- PENELA S.C. 124,44 €

  Por subministro de materiais para actividades da Concellería de Cultura, s/factura núm. 65.

- MARBE HISPANIA S.L. 4.077,22 €

  Por subministro de formigón para obras municipais, s/factura núm. A/36191 (FACe).

- QUIMIASFALT S.L.L. 6.020,19 €

  Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/facturas núm. 1/000601 e 1/000699 (FACe).

  Obradoiro dual de emprego *"Terras de Camba II"*

- MAXIDEZA S.L. 532,40 €

  Por aluguer de desbrozadoras no mes de setembro de 2026, s/factura núm. 2026 A 004548 (FACe).

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- MAXIDEZA S.L. 261,98 €

  Por subministro de diverso material de obra, s/factura núm. 2026 A 004584 (FACe).

- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 246,84 €

  Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social no mes de agosto de 2026, s/factura núm. 1882 (FACe).

- O RODO, S. COOP. GALEGA 50,00 €

  Por subministro de combustible ás furgonetas de transporte, s/factura núm. FA-1529.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)